

## PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS

A forma de presentar un traballo ó que lle dedicaches moitas horas non pode desmerecer o seu contido. Quen debe cualificalo sabe que unha presentación desaliñada, con erros e descoidos, suxire un pensamento pouco ordenado. A primeira impresión que proporciona un traballo é sumamente importante. Antes de entregalo debes comprobar que posúe os seguintes elementos e características:

### AS PARTES DO TRABALLO:

- **Portada:** con título destacado no centro. No lateral inferior dereito debe figurar: o nome, apelidos, curso, materia, centro educativo e data.
- **Índice:** é a última tarefa que deberás realizar. Estará centrado e han de aparecer os capítulos, apartados, subapartados e páxinas.
- **Introdución:** é optativa, pero convén redactar brevemente o obxectivo do traballo, o método seguido, as dificultades e a valoración persoal da investigación.
- **Corpo do traballo:** é a parte fundamental do traballo, que debe estar dividido en capítulos ou epígrafes.
- **Conclusión:** é importante facer un conciso balance final dos resultados e expresar con claridade os logros da investigación.
- **Bibliografía:** aparecerán relacionados todos os libros, revistas, publicacións científicas ou páxinas electrónicas consultadas co seguinte formato:

APELIDO, Nome: *Título*. Editorial. Cidade e data de publicación. (**libros**)

APELIDO, Nome: "Título do artigo", *Nome da revista*, número, ano, páxinas (**artigos de revistas**)

APELIDO, Nome: "Título da entrada" *Nome do sitio electrónico*. Dirección electrónica do sitio. (**páxinas electrónicas**)

### A PRESENTACIÓN:

- Utiliza folios **DIN-A4**. Podes utilizar papel reciclado.
- **Numera** as páxinas na parte inferior, no centro ou á dereita. ¡Non numeres a portada!
- Deixa **marxes** amplas. O habitual nos traballos a man ou mecanografados son tres centímetros para a superior, dous para a inferior, catro para o esquerdo e dous para o dereito. Nos presentados a ordenador, as marxes poden ser máis pequenas: 2,5 cm. arriba e abaixo, e 3 cm. a cada un dos lados
- **Encadernación:** Grámpao se é pouco extenso e entrégao nunha funda ou tapas de plástico. Se se trata dun traballo de certas dimensións encadérnao con tapas de plástico e espiral (neste caso, tal vez debas deixar unha marxe un pouco máis grande no lado no que vai ir a espiral).
- Os **capítulos** ou partes grandes deben empezar páxina.

#### Para os traballos feitos a man:

- Usa **tinta negra** ou **azul**. Non uses o lapis. Escritura **lexible, uniforme e sen borróns**.

#### Para os traballos impresos mecanografados ou feitos co ordenador:

- Utiliza un **tipo de letra** sinxelo e fácil de ler, como Times ou Goudy e cun **tamaño** de **11** ou **12 puntos**. Hai tipos de letra moi orixinais, pero a súa lectura pode ser fatigosa.
- Na separación das **liñas** utiliza o **dobre espazo** (se o fas a máquina) ou **espazo e medio** (se é a ordenador).
- **Nos títulos** podes utilizar un tipo diferente ao do texto, como Arial. Tamén podes subir dous ou tres puntos o tipo de letra ou poñelos en negra. Se hai diferentes niveis de títulos e subtítulos, combina estes elementos para marcar a xerarquía.
- Utiliza a letra **negriña** para marcar os conceptos clave (pero sen abusar) e a letra *cursiva* para as citas textuais ou estranxeirismos.

### OS PRAZOS DE ENTREGA.

- Planifica o traballo con antelación e entrégao dentro do prazo. Lembra que este aspecto tamén é avaliable.